



I - OS PROXECTOS DE TRABALLO E INVESTIGACIÓN: introdución e fundamentación.

1.-Introdución

Os diferentes documentos que constitúen este dossier, son o resultado do traballo, aportacións, vivenciación e experimentación nas aulas, das diferentes técnicas e dinámicas tratadas ó longo das sucesivas reunións, polos participantes no seminario "Introdución nas aulas dos proxectos de traballo para o desenvolvemento das competencias básicas", que ten lugar no C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño de Campo Lameiro, ó longo do curso 2013-2014.

A finalidade última destes documentos é por unha banda a de plasmar o debate e reflexión que tivo lugar no seminario en relación ó traballo por proxectos nas aulas, e por outra banda a de crear un banco de recursos metodolóxicos, técnicas e dinámicas, que se poidan empregar nas diferentes fases que constitúen un proxecto de traballo ó cal poidamos acudir no futuro cando así o precisemos.

Este dossier será publicado na web do centro ó fin de darlle a maior difusión posible, e de xeito que poida ser empregado por aqueles mestres e mestras, sexan ou non do noso centro, que o consideren interesante para a súa práctica docente.

Aclaremos, por último, que as ideas aquí plasmadas son o resultado da reflexión e debate, constituindo a nosa visión como grupo, do que supón o traballo por proxectos nas aulas.

2.- Que entendemos por aprendizaxe e por "Proxecto de traballo"?

Partindo dunha pregunta inicial - "*como aprendemos?*" - fomos aportando unha serie de ideas que constitúen a nosa visión do que é aprender:

- Descubriendo: todo aquilo que se descobre ten un maior potencial de ser realmente aprendido polos alumnos/as. O manexo de forma autónoma por parte do alumnado de diferentes fontes de información, o traballo coas mesmas, á busca de respostas a preguntas plantexadas por eles mesmos... permiten que o alumnado sexa consciente do seu proceso de aprendizaxe.
- Aquelo que vivimos: a vida real do alumnado, o que lle acontece, os intereses propios ou do grupo, parecen facer que as aprendizaxes sexan máis profundas e realmente significativas.
- Xuntos: consideramos o papel dos outros como moi relevante na aprendizaxe, compartir experiencias, organizarse en pequenos grupos e levar a cabo un interacción real entre os compoñentes parecen incidir positivamente na adquisición do que se está a aprender.
- Aprendemos a aprender: consideramos tamén que é moi importante que o alumnado adquira estratexias que lle permitan levar a cabo aprendizaxes de forma autónoma, sendo estes aprendizaxes moito máis eficaces que aqueles nos que é un mero receptor de coñecementos.
- De forma activa: manipular, experimentar... en resumo vivir o que se aprende, constitúe, ó noso xuízo, a base dunha aprendizaxe eficaz e realmente significativa. O alumno ten que ser activo no seu proceso de aprendizaxe e non mero receptor.
- De varias formas e por diferentes vías: consideramos que non existe unha única forma de aprender, que as diferentes técnicas e metodoloxías poden enriquecer, coas súas propostas, o noso traballo no día a día da aula.
- Falando: entendemos que a linguaxe oral, o diálogo e a reflexión por parte do



alumnado, en gran grupo ou pequenos grupos, supón unha fonte inesgotable de coñecementos e incrementan a significatividade das aprendizaxes.

- Equivocándonos: consideramos que con cada erro estamos a aprender, polo que entendemos que é preciso que o alumno se enfrente a retos significativos, coas estratexias que posúa, e tente superalos, de xeito que ante sexa consciente dos erros que se cometeron e se teña a capacidade de adquirir novas estratexias que permitan superalos.
- Tomando decisións: ben sexa de forma individual ou en grupo, cando un alumno toma unha decisión ten que poñer en marcha unha serie de estratexias que posúe (ou buscar novas estratexias de ser o caso), para organizar os diferentes pasos que o levarán á consecución dun obxectivo final. Asumindo os erros, as frustracións que se producen, e buscando solucións, enriquecemos o abano de estratexias que posúe para a súa vida.

A partir destas interpretacións e das fontes bibliográficas consultadas, podemos facer as seguintes consideracións á cerca do que entendemos, como grupo, **que debe ser un proxecto de traballo e investigación:**

- É un tipo de tarefa (constituída por diferentes actividades e exercicios) encamiñada ó traballo profundo coas competencias básicas.
- Espertan no alumnado o interese por investigar e descubrir.
- O alumnado participa activamente desde o primeiro momento nas tomas de decisións, coas ideas previas, no plantexamento de preguntas, na aportación e busca de fontes de información, na organización do traballo, na organización interna dos grupos, na investigación... ata a última fase dun proxecto coa difusión dos resultados.
- O alumnado ten que ser consciente en todo momento do proceso que está a desenvolver (ten que saber onde se atopa e cara onde se encamiña o traballo-investigación)
- Lévese a cabo un verdadeiro traballo en grupo (o feito de estar traballando xuntos non implica que se estea a traballar en grupo necesariamente)
- Implica un proceso de reflexión e debate, ó longo de todo o proceso, mediante o diálogo e confrontación de ideas previas, coas dos compañeiros/as, así como cos novos descubrimentos partindo das fontes de información.
- O alumnado é consciente dos seus coñecementos previos e o proceso de modificación dos mesmos que se logra o longo do proceso (método científico)
- É tan importante, senón máis, o que se está aprendendo no proceso (desenvolvendo as competencias básicas) que o resultado final da investigación.
- O proxecto é un fin en si mesmo, non unha excusa para forzar a integración de diferentes contidos.
- O papel do docente é de mediador e guía durante o proceso: ofrecerá estratexias alternativas, orientará (que non dirixirá) o desenvolvemento da investigación...

3.- Características e fases dun proxecto de traballo

Entendemos que un proxecto de traballo pode levarse a cabo de diferentes formas e ter unha duración variable, en función do interese que esperte no alumnado, sendo a finalidade última investigar sobre unha temática empregando diferentes fontes de información, cumprindo os criterios indicados no punto anterior.

Por todo isto, e ó fin de plasma-la evolución dun proxecto, establecemos as seguintes fases, tendo en conta que algunhas delas poden levarse a cabo de forma simultánea ou noutra orde:





- Como arranca un proxecto?: Este é o momento no que se toma a decisión da temática sobre a que versará o proxecto, e do que partirán as cuestións a investigar.
- Que sabemos?: Nesta fase o alumnado é consciente dos seus coñecementos previos e compárteos co resto do grupo, enfrontándose en moitos casos e sendo o primeiro lugar no que xorden as primeiras preguntas.
- Que queremos saber?: Neste momento o alumnado terá que plantexar, acordar e organizar os aspectos concretos da temática que descoñece e nos que quere investigar.
- Como nos organizamos: O alumnado deberá empregar estratexias para “organizar” o traballo de xeito que nos leve a atopar a resposta ás diferentes dúbidas plantexadas. O intercambio de ideas, a confrontación de estratexias e a vivenciación das mesmas dará lugar a que o alumnado descubra cales son efectivas, cales debe mudar e que outras que descoñecía, e que foron aportadas polos demais, pode incorporar á súa vagaxe para empregarlas no futuro.
- Onde buscamos: Nesta fase o alumnado aporta información de diferentes fontes, artella estraexias que lle permitan conseguila, explorará cales son máis fructíferas en cada caso e de que xeito se pode traballar con cada unha delas.
- Investigamos: Trátase da fase máis longa do proxecto xa que é o verdadeiro momento da investigación, pero que carecería de sentido sen as fases precedentes, é o momento de poñer en práctica diferentes estratexias de traballo en grupo, de discriminar o importante do superfluo, de traballar coas diferentes fontes, de poñer en práctica coñecementos de diferentes áreas cunha finalidade real (lectura comprensiva, esquemas, cuestionarios, aspectos matemáticos,...). É tamén o momento de empregar novamente o diálogo como vía para intercambiar descubrimentos a través de explicacións ben argumentadas. “só sabemos realmente aquilo que somos capaces de explicar ós demais”.
- Que facemos co descuberto? Nesta etapa, non necesariamente ó final do proxecto, determinaremos como grupo cal será o resultado final da nosa investigación e como imos plasmar todo o que vaiamos descubrindo.
- Que aprendemos?: Na última fase dun proxecto faremos unha reflexión como grupo sobre todo o traballado e aprendido (non só no relativo ás preguntas concretas senón ás diferentes estratexias organizativas empregadas). Voltaremos tamén ós coñecementos previos e contrastarémolos cos nosos coñecementos actuais, de xeito que o alumnado sexa consciente do seu proceso de aprendizaxe.

Para cada unha destes fases iremos proponendo, ó longo das diferentes reunións do seminario, técnicas e dinámicas para levalas a cabo, sendo tratadas máis polo miúdo nos sucesivos documentos deste dossier.

4.- O papel do traballo por proxectos no desenvolvemento das competencias básicas:

Se partimos da concepción anteriormente indicada do que consideramos un proxecto de traballo, poderemos observar que aqueles aspectos nos que facemos fincapé coinciden exactamente co contido e finalidade das diferentes Competencias Básicas que establece o currículo, podemos pois afirmar *que consideramos os proxectos de investigación e traballo como unha tarefa encamiñada á consecución e traballo das competencias básica dun xeito natural e non forzado.*

Entendemos tamén, que se ben nos proxectos se van a incorporar diferentes contidos curriculares, non debemos esquecer que o foco seguirá posto no traballo coas competencias básicas





con independencia dos contidos curriculares a traballar.



5.- Reflexión para o debate: É o tema elixido o máis importante?

Se nos plantexamos os Proxectos de traballo desde esta perspectiva xorde a dúbida de se é relevante o tema elixido para o proxecto, tendo en conta que estamos a facer máis fincapé no proceso do mesmo.

Neste senso plantexamos as seguintes preguntas para valorar a importancia do tema elixido (se necesitamos que se atope a resposta a tódalas preguntas plantexadas”, ou ben se este pode ser independente dos obxectivos finais que queremos a acadar como proxecto:

- Poñemo-lo foco nas competencias básicas que se traballan no proceso ou buscamos a adquisición de contidos tendo o proxecto como unha excusa?
- Ten unha finalidade real o tema elixido? Facer unha viaxe, un horto...
- O tema xurde da vida cotiá? De algo que sucedeu ou sucederá?
- Podemos confiar nas decisións do alumnado? Por que non?
- O tema que propoñemos vai ser motivante? Como podemos introduci-lo para que o sexa?
- O proxecto é un fin en si mesmo? É unha excusa para traballar un tema?

Consideramos que cada docente deberá determinar, segundo o tipo de situación na que se desenvolva o proxecto na súa aula, a importancia do tema elixido (e en consecuencia o resultado final), de xeito que acade dunha maneira satisfactoria os obxectivos plantexados co mesmo.





PROXECTO DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

SEMINARIO “Proxectos de traballo” - C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño | curso 2013-2014

Licenza creative commons: cc-by-sa



(acorde ó indicado na resolución do 11 de xuño de 2013 pola que se convocan os P.F.P.P.)